

CRITERIOS PARA DETECTAR AS DIFICULTADES NA LINGUAXE

0-18 MESES

- Persistencia de reflexos orais obrigatorios máis alá do período normal ou Ausencia destes no mencionado período (Por exemplo, o reflexo de succión/deglutición normal dende o nacemento ata os 7 meses ou o reflexo de morder que persiste ata os 9 meses).
- Dificultades durante a alimentación debidas a trastornos anatómicos e neurolóxicos, tales como padal fendido, labio fendido, parálise suprabulbar e parálise cerebral.
- Movementos incoordinados durante a succión, a mastigación ou a deglutición (Por exemplo, succión deficitaria e afogo con líquidos - identificable dende a 1-2 semana de vida; afogo con semisólidos -7 meses; tragar demasiado aire -10 meses; boca aberta -7 meses; defecto na mastigación -18 meses.)
- Defectos nas diferentes etapas do desenvolvemento vocálico:
 - 3-4 meses: choro ou berro débil.
 - 5-9 meses: ausencia de sons simples voluntarios utilizados para chamar a atención ou como xogo vocal. (vogais mantidos e consoantes imprecisas)
 - 9-12 meses: ausencia de produción de sílabas CV illadas e posteriormente de reduplicacións en cadea (balbucido duplicado período normal 6-12 m).
 - 12-18/24 meses: ausencia de balbucido non duplicado e xerga expresiva (sílabas CV en cadea con C e V diferentes patróns entonativos, período normal 9-18 meses)
 - 9-12/18 meses: a penas balbuce ou no seu balbucido introduce moi pouca variación de sons (tan só 1 ou 2).
- Defectos de recepción-comprensión:
 - Falta de respostas de orientación ao son e á voz humana, identificable polo menos dende os 5-6 meses.
 - Falta de resposta a nomes familiares, sen apoio gestual, aos 12-18 meses (por exemplo, mamá, papá).
 - Falta de resposta (mirar, sinalar, tocar ou actuar) sobre algúns obxectos familiares (polo menos 3), nomeados polo adulto, cara aos 18 meses.
 - Falta de resposta ante palabras de acción en contexto habitual ou con claves gestuais aos 18 meses. Por exemplo, resposta a "dáme", "mira", "ven"...
- Defectos en comunicación non-verbal entre os 15-18 meses:
 - Ausencia do uso de xestos para expresar os seus desexos ou necesidades. Non sinala co dedo índice para pedir un obxecto que desexa.

- Ausencia do uso de xestos para compartir a atención do adulto sobre un obxecto ou evento. Non sinala para mostrar interese por algo ou para compartir a atención sobre algo.

Non mostra obxectos ou non sinala se o adulto lle pregunta por un obxecto ou persoa familiar á vista pero fóra do seu alcance (¿onde está papá?).

Nota: Aconséllase acudir ao otorrinolaringólogo ante respiración dificultosa, mucosidade ou catarros frecuentes xa que pode comprometer a ventilación do oído medio e polo tanto a audición.

Acudir tamén ante dores de oídos e supuracións.

2 ANOS

- Ausencia de produción de palabras simples ou vocabulario menor de 30-50 palabras ou aproximacións a palabra. O criterio agrávase en ausencia de balbucido non duplicado ou de xerga expresiva.
- Inventario fonético con menos de 4-5 consoantes e limitada variedade de vogais. Debe producir polo menos 3-4 consoantes diferentes en posición inicial de sílaba CV, normalmente: /m/, /n/, /p/, /b/, /w/. Este criterio indica un desenvolvemento lento, de maior gravidade se é rexistrado aos 30 meses..
- Non responde a palabras referidas a obxectos ou accións familiares sen apoio gestual e estando o obxecto fóra da vista. Debe responder a máis de 5-10 palabras como mínimo, aínda que aínda necesite claves contextuais.
- Non comprende ordenes verbais simple referidas a un obxecto e/ou unha acción. en contexto habitual. Por exemplo: "ven aquí", "dáme o zapato", "tira a pelota", "dallo a mamá".
 - Non sinala obxectos para pedir ou non mostra obxectos para compartir.

Nota: Pode demorarse a decisión de necesidade de intervención se, aínda que non produza apenas palabras, as habilidades comunicativas non verbais son boas e o neno ten un repertorio de sons en balbucido ou xerga variado e frecuente.

2 ANOS 6 MESES

- Vocabulario menor a 50-100 palabras.(A esta idade estímase un vocabulario medio entre 200-500 palabras).
- Solo produce 4 ou 5 consoantes e/ou limitada variedade de vogais. Ausencia dalgunha vogal.
- A maioría das súas emisións non se lle entenden, inintelixible nunha proporción maior do 70%. Emprego de procesos fonolóxicos atípicos, por exemplo, posteriorización en ausencia de procesos de asimilación (kaza/taza).
- Estrutura silábica reducida a monosílabos (CV) ou a sílabas duplicadas.
- CVCV con produción limitada de vogais.
- Ausencia de combinacións de dúas palabras.
- Repite demasiado o que se lle di, é ecolálico.
- Non fai preguntas mediante variacións tonais.

- É incapaz de comprender ordenes verbais simple ou de responder a palabras de nomes de obxectos sen claves contextuais ou visuais presentes. A esta idade debería de ser capaz de relacionar dous obxectos entre si, como por exemplo: "pon o cubo na cunca".

3 ANOS

- A fala é inintelixible nunha proporción maior que o 50-60%.
- Repertorio fonético limitado a 5-6 fonemas. Estrutura silábica reducida a CV, reduplicacións CVCV e a VCV, con ausencia ou moi baixa produción de bisílabas. Non imita bisílabas.
- Emprego de procesos fonolóxicos de simplificación da palabra inusuais con respecto ao desenvolvemento normal e/ou empregados de forma máis persistente.
- Inestabilidade fonética e sobreutilización de homónimos.
- Principais procesos zona de gravidade (ver cadro): Supresión de sílabas iniciais, Reduplicacións, Posteriorización, Redución da gama de fricativas a /f/ e /z/, desnasalización, Oclusivización de fricativas.
- Dificultades ou limitacións na elaboración de emisións de dous elementos, ausencia de tres elementos.
- Non usa palabras descritivas (adxectivos) ou pronomes (eu/o teu, meu/meu/teu).
- Non fai preguntas co pronome interrogativo "que" referidas a obxecto (¿que é isto?) e/ou co pronome "onde" referidas á localización de obxectos (¿onde está?).
- Non sabe contar ou informar sobre o que está a facer ou o que acaba de facer (acontecementos presentes ou pasado inmediato).
- Limitada comprensión. Non identifica obxectos polo seu uso ("¿con que cortamos"?).
- Non segue consignas referidas a unha acción - dous obxectos ("Busca as zapatillas e o peine" "Mete o coche na bolsa").
- Ansiedade dos pais ante a presenza/aparición dun período de disfluencia no neno.

4 ANOS

- Non produce correctamente a maioría dos sons do sistema fonolóxico, a súa fala non é intelixible polo menos nunha proporción do 80%. A esta idade é normal que poida cometer erros con algúns sons complicados como /z/, /d/ medial, /s/, /ch/ , /f/ ou /rr/, que non produza a maior parte dos grupos consonánticos e/ou que distorsione algunhas palabras multisilábicas, non obstante, aos 4 anos, o fundamental do sistema fonolóxico debe estar adquirido e o grao de intelixibilidade debe ser case do 100% (93%).
- Usa unicamente oracións de tres palabras ou menos.
- Omite algunhas palabras das súas frases, como as preposicións, pronomes, artigos ou as formas verbais.
- O seu vocabulario é moi reducido e a miúdo usa termos xenéricos ("este") ou cambia unha palabra por outra aínda que saiba o seu significado.

- Non responde a preguntas cos seguintes casos semánticos: que? (obxecto) que (acción), onde? (localización); referidas a historias familiares simples.
- Serias dificultades para facer comentarios acerca do pasado e futuro inmediato referido a si mesmo ou a outros (contar o que fixo no colexio ao saír, por exemplo).
- Dificultades para levar a cabo ordenes verbais simple.

5 ANOS

- Persisten dificultades de articulación.
- Dificultades coa estrutura das oracións, oracións inmaturas ou problemas coa orde das palabras.
- Dificultades na comprensión de oracións.
- Dificultades en dar respostas directas a preguntas simples: que (obxecto), que (acción), onde (localización), de (posesión), quen (identidade), porque (causalidade).
- Dificultades para levar a cabo consignas referidas aos conceptos espaciais en, dentro, enriba, sen apoio contextual nin gestual presente.
- Dificultades para poñer atención nun conto ou historia longa.
- Dificultades para recuperar palabras.
- Tartamudeo.